

# **PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

## **Curso 2023 - 2024**

### **1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), creado no 1.º claustro ordinario con data do 7 de setembro de 2022, está constituído por:

- María del Mar García Arijón (5.º Educación Primaria)
- Chelo Álvarez Veira (6.º Educación Primaria)
- Sabina Isabel Facal Pérez (Pedagogía Terapéutica)
- Nerea Gil González (Pedagogía Terapéutica)

Asumirá as funcións de coordinación Nerea Gil González, procurando realizar traballo en equipo co resto das coordinacións do centro.

### **2. OBXECTIVOS PROPOSTOS PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

Contando coa participación dos membros do Claustro e en colaboración cos diferentes equipos de traballo do centro, para a Normalización e Dinamización da Lingua Galega propoñemos os seguintes obxectivos:

- Celebrar as conmemoracións sinaladas e propostas no ANEXO I da *Orde do 3 de maio de 2023*, pola que se aproba o calendario escolar para o curso académico 2023/24 (DOG Núm. 93, do 16 de maio), que son as seguintes:
  - 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
  - 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
  - Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
  - 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
  - 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
  - 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
  - 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz
  - 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
  - 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
  - 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
  - Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
  - 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.

- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente.

- *Con respecto ao profesorado:*

- Informar de todos aqueles acontecementos vinculados á lingua, literatura e cultura galega, especialmente aqueles que sexan propios do noso concello e bisbarra.
- Proporcionar información sobre recursos, actividades, software e ligazóns en galego para facilitar o traballo docente.
- Asumir o labor de prestixiar a lingua galega a todos os niveis.
- Fomentar a participación en cursos nos que se trate o galego nalgún dos seus ámbitos: oral, escrito, nas TIC, na música,...
- Participar dalgunha maneira nas celebracións tradicionais de cada época do ano.

- *Con respecto ao alumnado:*

- Espertar o seu interese pola lectura e axudando a descubrir que, tanto a lectura como a escritura, son ferramentas fundamentais na súa aprendizaxe.
- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, sobre todo do entorno próximo.
- Impulsar o uso do galego, un elemento fundamental da nosa identidade cultural.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en lingua galega.
- Impulsar a participación nos distintos certames literarios e artísticos organizados polo propio centro, polo concello ou pola Consellería de Educación.
- Reforzar o coñecemento e o emprego de certas palabras en galego normativo que na linguaxe habitual do alumnado están substituídas por outras incorrectas ou propias doutras linguas.
- Animar o alumnado procedente doutros países ou comunidades autónomas a expresarse en galego no seu ámbito familiar e social.

- *Con respecto á situación lingüística do centro:*

- Fomentar a elaboración de traballos relacionados co noso contexto (lingua, cultura, música, cinema, folclore, etc.).

- Potenciar o emprego do galego en todos os actos que organiza o centro (reunións de pais/nais, xornadas, festivais, etc.), así como en todas as comunicacións entre o centro e a comunidade educativa.
- Divulgar a normativa vixente do idioma galego.
- Incrementar o número de volumes en galego dispoñibles na Biblioteca do Centro e nas bibliotecas de aula, en colaboración co Equipo de Biblioteca.
- Fomentar o hábito de lectura en galego como forma creativa de ocupar o tempo de lecer e mellorar tanto a comprensión lectora como a expresión escrita.
- Fomentar o interese polas manifestacións artísticas así como polo noso patrimonio cultural, como parte importante da nosa historia.
- Potenciar a utilización da lingua galega na web e nos blogs do centro.
- Elaborar guías de lectura en galego para o Nadal e para as vacacións de verán (en colaboración co Equipo de Biblioteca).
- Elaborar a revista escolar “A voz do San Luís” e darlle difusión a través dos blogs, a páxina web ou calquera outra plataforma dixital que se empregue dende as titorías.

### **3.- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA OS OBXECTIVOS PROPOSTOS.**

Neste curso o fío condutor da biblioteca do centro é “*Canto sentimento*”, polo que dende o equipo de Dinamización da Lingua Galega levaremos a cabo unha coordinación entre a biblioteca e outros proxectos que poidan xurdir e que teñan especial relevancia para a consecución dos obxectivos presentados.

Por trimestres, destacamos as seguintes:

- 1.º TRIMESTRE: Samaín e Nadal.
- 2.º TRIMESTRE: Entroido, Día de Rosalía (23 de febreiro de 2024) e Día da poesía (21 de marzo de 2024).
- 3.º TRIMESTRE: Semana das Letras Galegas (do 13 ao 17 de maio de 2024) e día de San Xoán.

Na liña de cursos anteriores, estableceremos as canles oportunas para fomentar a integración do centro na dinámica local, para o que colaboraremos en propostas do Concello de Carballo que vaian xurdindo ao longo do curso.